



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 5 DE NOVEMBRO DE 2020,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Mellora da seguridade viaria na OU-105 (Seixalbo). 2ª fase, de clave OU/18/094.06, no concello de Ourense.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que aproba a creación da Comisión Interdepartamental de I+D+i.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo de aprobación definitiva do proxecto sectorial PS-6, Área de Usos Complementarios, do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico Tecnolóxico do Mar, nos terreos da ETEA, no concello de Vigo.

CONSELLO DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se establecen os criterios para execución centralizada de obras de infraestrutura viaria e de edificación no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de xestión de diversos residuos sanitarios de centros dependentes do Servizo Galego de Saúde, por un importe total de oito millóns cincocentos trinta e oito mil douscentos setenta euros con corenta céntimos (8.538.270,40 €) e un valor estimado de once millóns seiscentos corenta e tres mil noventa e seis euros (11.643.096 €).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre as liñas de axuda para o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras realizadas con madeira.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a convocatoria do programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta de Galicia do Acordo do 13 de outubro de 2020, da directora de Augas de Galicia, polo que se declara a contratación de emerxencia das actuacións extraordinarias para garantir o abastecemento a Pontedeume e a calidade da auga no río Eume, na súa desembocadura, de clave OH.215.1209, cun importe dun millón cincocentos mil euros (1.500.000,00€), IVE incluído.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Liña urxente de axudas ao sector da hostalaría e restauración da Comunidade Autónoma de Galicia afectado polas medidas sanitarias de limitación da actividade.
- Informe sobre a Guía de actuación para pemes e emprego autónomo fronte á Covid-19 no centro de traballo.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe xeral anual da actividade desenvolvida polo INTECMAR-2019.

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA COMPLETAR A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA EN SEIXALBO, NA CONTORNA DO TANATORIO DE OURENSE, CUN INVESTIMENTO DE 1 MILLÓN DE EUROS

- *O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 12 predios necesarios para executar a 2ª fase das obras de mellora na estrada OU-105*
- *A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021*
- *A intervención consistirá na mellora do firme, no acondicionamento dos accesos ao tanatorio e na conexión da rúa Canizo coa estrada nunha nova glorieta*
- *Mellorarase a disposición das paradas de autobús e habilitarase unha senda pola marxe dereita da rúa Canizo, ademais de terse en conta as achegas no período de información pública da protección da vexetación arbórea ao longo do trazado*
- *Esta intervención dá continuidade á executada no ano 2019 entre a zona do tanatorio e O Cumial, mediante un investimento autonómico de 850.000 euros*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar as obras da 2ª fase da mellora da seguridade viaria na estrada autonómica OU-105, en Seixalbo, na contorna do tanatorio de Ourense.

O orzamento estimado polo Goberno galego para este proxecto rolda o millón de euros, nos que se inclúen os preto de 9.000 euros do pagamento das expropiacións dos 12 predios necesarios para executar esta actuación.

Trátase de completar a mellora da seguridade viaria nesta estrada autonómica, no treito comprendido entre os puntos quilométricos 0+800 e 1+150, mediante a reordenación do tráfico de acceso ao tanatorio e a construción dunha glorieta no punto quilométrico 1+065, co fin de facer a circulación no dito treito máis cómoda e segura.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade procederá ao levantamento de actas previas e á licitación das obras no primeiro trimestre de 2021. As obras teñen un prazo de execución de 8 meses.

A intervención neste tramo, que discorre integramente polo municipio de Ourense, consistirá na mellora do firme, no acondicionamento dos accesos ao tanatorio e na conexión da rúa Canizo coa estrada nunha glorieta de nova construción.

Tamén se acometerá un paso de peóns con regulación semaforica para dar continuidade aos percorridos peonís e poder acceder á parada de autobuses en dirección a Ourense. Ademais, levarase a cabo a adaptación dos pasos nas beirarrúas para o cumprimento da normativa de accesibilidade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

As actuacións tamén prevén a reordenación do tráfico e da sección transversal da calzada, mellorando a disposición das paradas de autobús, habilitando un percorrido peonil e ciclista pola marxe dereita da rúa Canizo e limitando a un único sentido de circulación o inicio desta.

A intervención inclúe a mellora en firmes e pavimentos, en iluminación, saneamento e drenaxe, así como a mellora da sinalización e o balizamento en todo o treito.

Nesta actuación teranse en conta as achegas dos veciños no período de información pública da protección da vexetación arbórea ao longo do trazado, a inclusión de mobiliario urbano e a sinalización vertical e horizontal da bicicleta para garantir a súa visibilidade.

Intervención completa en Seixalbo

Esta intervención dá continuidade ás obras executadas no ano 2019 pola Xunta no treito de 1,5 quilómetros, entre a zona do tanatorio e O Cumial, mediante un investimento autonómico de 850.000 euros.

Os traballos realizados na 1ª fase centráronse na reordenación do tráfico e na mellora da mobilidade, cunha especial atención á seguridade dos usuarios vulnerables. Levouse a cabo a construción da nova glorieta no acceso principal a Seixalbo e a mellora da intersección coa rúa Igrexa.

Tamén se optimizaron os pasos de peóns, con semáforos con pulsador e con iluminación específica, instaláronse novas marquesiñas e habilitáronse sendas en ambas as marxes no treito final, incidindo así no trazado do Camiño de Santiago coincidente coa Vía da Prata, coa suma dun carril para a circulación de bicicletas.


Con estas dúas actuacións na estrada autonómica, cúmprese o compromiso para dotar Ourense dun contorno urbano máis humano e máis seguro, ademais de contribuír a facer cidade.

No seguinte plano pode verse a zona en que está prevista a actuación:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta



A XUNTA CREA UNHA COMISIÓN INTERDEPARTAMENTAL PARA REFORZAR O DESENVOLVEMENTO DE INICIATIVAS EN MATERIA DE I+D+i EN GALICIA

- *Esta nova estrutura, dirixida desde a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, permitirá xestionar, de xeito eficaz e eficiente, as actuacións e recursos necesarios en I+D+i para facer fronte aos novos retos derivados da pandemia e abordar a reconstrución económica e social*
- *Entre as súas funcións destacan desenvolver un cadro de mando integral; participar nos proxectos tractores; realizar propostas para a mellora das políticas de I+D+i e da normativa galega ao respecto; coordinar actuacións sectoriais; e, en definitiva, contribuír ao fortalecemento do ecosistema da Comunidade*
- *Entre 2014 e 2018 Galicia aumentou nun 23,8% o investimento en I+D e rexistrou un incremento do 13% do persoal que traballa neste ámbito*

A Xunta de Galicia acordou na reunión do Consello desta mañá a constitución da Comisión interdepartamental de I+D+i co obxectivo de reforzar a planificación e coordinación dos obxectivos, actuacións, instrumentos e fondos da Comunidade autónoma en materia de I+D+i, favorecendo así o desenvolvemento deste tipo de iniciativas. Deste xeito, preténdese integrar e complementar a visión e perspectivas estratéxicas dos diferentes departamentos autonómicos que traballan neste eido, mellorando e consolidando a gobernanza desta política pública que vai ser un dos piares cos que –a través dun novo modelo de economía baseado no coñecemento– se poida facer fronte aos novos retos derivados da pandemia e abordar a reconstrución económica e social de Galicia.

A Comisión terá como funcións coordinar as actividades en materia de I+D+i da Xunta co obxectivo de identificar sinerxías entre as distintas consellerías e evitar solapamentos; identificar as capacidades do conxunto do ecosistema e contribuír ao seu fortalecemento; coordinar as accións e estratexias baixo o paraugas da Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia; potenciar o emprego de instrumentos conxuntos para apoiar a empresas e centros de coñecemento; impulsar a contratación e estabilización de persoal investigador nos organismos públicos de investigación; propoñer un sistema de xestión harmonizado para os organismos públicos de investigación; abordar modificacións normativas neste ámbito; promover a investigación orientada ao mercado; desenvolver un cadro de mando integral da I+D+i de Galicia para unha xestión máis eficaz e eficiente; participar nos proxectos tractores; impulsar a simplificación administrativa; así como realizar unha análise e seguimento das actuacións en materia de I+D+i.

A Comisión estará presidida polo vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, Francisco Conde, e asumirá a vicepresidencia a directora da



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Axencia Galega de Innovación (Gain), Patricia Argerey. Tamén estarán representadas as direccións xerais de Planificación e Orzamentos; Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos; Comercio e Consumo; Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático; Desenvolvemento Pesqueiro; a Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega); o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape); a Axencia Galega de Industria Forestal (Xera); a Secretaría Xeral de Universidades; a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS); a Secretaría Xeral de Igualdade; e a Axencia Galega de Calidade Alimentaria (Agacal).

Para desenvolver este traballo, a Comisión contará cun grupo técnico que será o encargado de realizar o estudo de iniciativas, propostas e proxectos concretos que avaliará a Comisión.

A Comisión de I+D+i traballará por dar unha resposta eficaz e eficiente aos novos retos derivados da pandemia como xa se fixo, da man do sistema galego de I+D+i, apoiando 112 iniciativas innovadoras con 12M€ para impulsar a loita contra a covid-19 e, como se vai seguir facendo, a través dos fondos europeos Next Generation.

Á súa vez, implantará un sistema permanente de seguimento e avaliación para identificar melloras nas políticas de I+D+i galegas que permitan a Galicia seguir avanzando. Neste sentido, a Comunidade aumentou o investimento en I+D nun 23,8% entre 2014-2018 (sete puntos máis que a media estatal) e no mesmo período rexistrou un aumento do 13% no persoal vinculado a este mesmo ámbito.

A XUNTA AVANZA NO DESENVOLVEMENTO DO CAMPUS DO MAR EN VIGO COA APROBACIÓN DO PROXECTO DA ÁREA DE USOS COMPLEMENTARIOS

- *O chamado PS-6 ordena e detalla o ámbito da antiga ETEA para a localización de usos socioculturais, dotacionais, deportivos, servizos de xestión e innovación empresarial e terciarios complementarios, así como os propiamente relacionados coa investigación e os seus servizos*
- *Nestes terreos está prevista a construción dunha nova residencia para maiores, así como dun pavillón polideportivo, ambos promovidos polo Goberno galego, que prevé investir nesta área un total de aproximadamente 28,6 millóns de euros*
- *En canto aos outros cinco proxectos sectoriais necesarios para desenvolver o futuro complexo científico-tecnolóxico, tres están actualmente en tramitación (PS-1, PS-2 e PS-3), un xa foi executado (PS-5) e o único que depende do Concello de Vigo (PS4), aínda non iniciou a súa tramitación ambiental*
- *O obxectivo é implantar neste ámbito un proxecto estratéxico para Galicia, chamado a ser un referente en materia de investigación e innovación no eido mariño, aumentar o atractivo público do espazo como elemento revitalizante do barrio de Teis-A Guía e garantir a integración do conxunto nos valores da contorna*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá definitivamente o proxecto sectorial da Área de Usos Complementarios (PS-6) do futuro Campus do Mar en Vigo. Con este acordo dáse un paso importante que permitirá seguir avanzando no desenvolvemento deste ambicioso complexo de carácter científico-tecnolóxico nos terreos que ocupaba a antiga Escola de Transmisións e Electricidade da Armada (ETEA).

Neste sentido, cómpre lembrar que, debido ao seu carácter estratéxico para o conxunto de Galicia, o Campus do Mar foi declarado de incidencia supramunicipal e no ano 2012 aprobouse o seu Plan sectorial de ordenación territorial, como instrumento encargado de fixar as condicións particulares para o seu futuro desenvolvemento.

Concretamente, este plan conta cun triplo obxectivo. Por unha banda, a implantación do novo campus científico-tecnolóxico promovido pola Xunta, altamente especializado e chamado a ser un referente internacional en materia de investigación e innovación no eido mariño; por outra, a ordenación detallada dos usos complementarios e abertos á cidadanía, para facer deste un espazo máis atractivo e que contribúa á revitalización do barrio de Teis-A Guía no cal se enmarca; e, por último, a integración do conxunto nun ámbito de singular valor cultural e paisaxístico desde a sustentabilidade e o respecto aos valores da contorna.

O ámbito do PS-6

Para cumprir con este fin, o Plan sectorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA prevé o seu desenvolvemento a través de seis proxectos sectoriais. Un



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

deles é o PS-6, aprobado esta mañá e que ordena e detalla pormenorizadamente o ámbito reservado para a localización de usos complementarios dos científico-tecnolóxicos, tales como os socioculturais, de dotación, deportivos, servizos de xestión e innovación empresarial e terciarios complementarios, así como os propiamente relacionados coa investigación e os seus servizos.

Neste ámbito, precisamente, está prevista unha nova residencia de maiores con 150 prazas públicas -un dos usos complementarios máis importantes programados no Campus do Mar- cun investimento de 15 millóns e que permitirá crear máis de 140 empregos. Así mesmo, a Xunta tamén prevé promover dentro deste ámbito un pavillón con pistas polideportivas.

Cunha superficie de 21.199 m², o chamado PS-6 abrangue o espazo da antiga ETEA comprendido entre a avenida principal cara ao leste, o muro que circunda as edificacións da Enfermaría, o edificio de aulas e o cuartel José Luis Díez cara ao oeste, o edificio Morse cara ao norte, e o muro que rodea o Cuartel Méndez Núñez cara ao sur.

O ámbito está completamente urbanizado e actualmente atópanse en desuso as edificacións existentes, que no seu día albergaron usos propios da escola militar. Por iso, a ordenación proposta parte do principio básico do mantemento da estrutura urbanística das antigas instalacións, recuperando aquelas solucións de continuidade ao longo do bordo litoral, ao tempo que reflicte o carácter militar que asumiu a ETEA durante preto de 70 anos.

Neste sentido, en coherencia co Plan sectorial, levouse a cabo unha análise das edificacións existentes nestes terreos tendo en conta o seu valor patrimonial, a súa integración paisaxística e a súa potencial rehabilitación funcional para os usos determinados neste ámbito. O resultado foi que catro dos edificios (Residencia Álava, Residencia Liniers, Morse e Enfermaría) serán rehabilitados ben por pertenceren ao catálogo de elementos do patrimonio cultural do plan sectorial, ben polo seu singular valor arquitectónico dentro do conxunto, mentres que outros cinco se demolerán (Corpo de Garda, Cuartel Méndez Núñez –onde está proxectada a nova residencia de maiores-, cuartel José Luis Díez –reservado para as instalacións deportivas-, edificio de aulas e Edificio Patiño).

O investimento total previsto por parte da Xunta no ámbito do PS-6 ascende a 28,6 millóns de euros. Nesta contía inclúense 12 millóns de euros correspondentes ao custo do solo, as obras de urbanización e os proxectos, así como o investimento necesario para a rehabilitación dos catro edificios existentes e que se manteñen, con IVE incluído. A maiores, cómpre sumar tamén os 15 millóns de euros previstos para a nova residencia de maiores e os 1,6 millóns en que se calcula o custo das instalacións deportivas.

Estado de tramitación dos outros proxectos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Dos seis proxectos sectoriais necesarios para desenvolver o Campus do Mar na ETEA, tres están en tramitación (PS-1, PS-2 e PS-3), un acaba de ser aprobado (PS-6) e outro foi xa executado (PS-5). O restante proxecto, correspondente ao ámbito PS-4 e que depende do Concello de Vigo, é o único que aínda non iniciou a súa tramitación ambiental.

O PS-1, un dos tres promovidos pola Xunta, refírese á área de vías, espazos libres e infraestruturas; o PS-2 e o PS-3 son os encargados de desenvolver as áreas científico-tecnolóxicas 1 e 2, respectivamente; o PS-4 é o relativo á área de equipamento deportivo, usos complementarios dotacionais e parque urbano; e o PS-5, xa desenvolvido na súa totalidade pola Xunta, alberga, entre outros elementos recreativos, unha pista de patinaxe, unha pista de *skate*, carril-bici, dúas pistas multideporte e un parque infantil.

En total e ata o momento, a Xunta de Galicia xa leva executado un investimento de 7,7 millóns de euros en actuacións relacionadas cos tres ámbitos que promove directamente: o PS-1, o PS-5 e o PS-6. Nesta contía está incluído o custo da compra de solo, así como as obras acometidas e rematadas xa desde o ano 2015 na área de usos recreativos (PS-5).

Cómpre lembrar que os seis proxectos deben superar cadanseu trámite ambiental promovido pola Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático. Logo, continúan a súa tramitación ante a Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e, por último, elévanse ao Consello da Xunta para a súa aprobación definitiva.

A XUNTA REFORZA A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS COMO ÓRGANO CENTRAL DE CONTRATACIÓN E CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS PÚBLICAS COA PRIORIDADE DE IMPULSAR OS EQUIPAMENTOS SANITARIOS

- *O Consello da Xunta aproba o acordo polo que se centraliza no organismo a xestión e execución das obras, tanto viarias como de infraestruturas sanitarias, educativas e de servizos sociais*
- *Entre os grandes retos da Axencia está o impulso e desenvolvemento do Hospital Público de Gran Montecelo de Pontevedra e do Novo Chuac da Coruña*
- *O acordo ten por finalidade que as consellerías con competencias en materia de saúde, política social ou educación se centren na prestación dos servizos básicos derivando a execución de infraestruturas a un ente especializado na obra pública*
- *O organismo dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade dirixiu a ampliación de hospitais como os de Burela ou Ferrol e a construción de centros de saúde en Ares, no Milladoiro, en Melide, no Saviñao ou en Bouzas, en Vigo*
- *Este departamento tamén executa xa o Centro Integral de Saúde de Lugo e prevé traballar no próximo desenvolvemento dos de Vigo e Lalín*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas, ademais das novas encomendas, seguirá xestionando as estradas autonómicas, con novos proxectos como a VAP Tui- A Guarda, a autovía Nadela-Sarria ou a prolongación da autovía da Costa da Morte*

O Consello da Xunta acordou hoxe reforzar a Axencia Galega de Infraestruturas como órgano central de contratación e construción das obras públicas da Administración autonómica co obxectivo prioritario de impulsar os novos equipamentos sanitarios.

O Goberno galego aprobou hoxe o acordo polo que se centraliza a xestión e a execución de obras viarias e de equipamentos sociosanitarios na Axencia Galega de Infraestruturas, departamento pertencente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Entre os grandes retos que asume a Axencia Galega de Infraestruturas está o impulso e desenvolvemento do Hospital Público de Gran Montecelo, en Pontevedra, e do Novo Chuac, na Coruña, como obxectivos prioritarios da sanidade pública en materia de infraestruturas, especialmente no actual contexto de pandemia pola Covid-19.

O obxectivo do acordo é que as consellerías poidan centrar a súa actividade na prestación de servizos básicos do eido sanitario, educativo ou social, ao derivar a execución de infraestruturas a un órgano especializado na xestión da obra pública.

A partir da aprobación hoxe deste acordo, as diferentes consellerías da Xunta remitirán á Axencia Galega de Infraestruturas, nun prazo de dous meses, a súa planificación en materia de execución de infraestruturas para os vindeiros anos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

A Axencia Galega de Infraestruturas homoxeneizará no posible o deseño das actuacións, para o que redactará as instrucións técnicas precisas. Así, estableceranse un catálogo de prezos unitarios das diferentes unidades de obra, os criterios de deseño institucional das infraestruturas e os de utilización de materiais e iluminación.

Trátase de acadar unha maior eficiencia no deseño e na realización de obras, optimizando os custos e os prazos e garantindo a funcionalidade dos novos equipamentos, que se deberán integrar a nivel paisaxístico nas contornas en que se sitúan.

Xestión de obra pública

A Axencia Galega de Infraestruturas, cuxa creación autorizou o Consello da Xunta do 4 de agosto de 2011, recibiu ao longo destes anos a encomenda de xestión de obra pública doutros departamentos por un investimento de 291 millóns de euros.

Ademais de asumir as actuacións relativas á rede viaria autonómica, tanto na construción de novas estradas como no mantemento das existentes, a Axencia Galega de Infraestruturas xestionou nos últimos anos a execución de equipamentos destinados a funcións sanitarias, educativas ou sociais.

No que se refire ás instalacións de carácter sanitario, a Axencia Galega de Infraestruturas é a encargada da ampliación de hospitais como os de Burela ou Ferrol. Tamén lle foi encargada a construción de novos centros de saúde en Ares, Gondomar, O Milladoiro, A Estrada, O Pereiro de Aguiar, Salceda de Caselas, Paderne de Allariz, Narón, O Saviñao, Melide e Bouzas, en Vigo.

A estas intervencións súmanse a urbanización dos accesos ao hospital Álvaro Cunqueiro, en Vigo e ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, así como a mellora de firmes e de accesibilidade aos hospitais da provincia da Coruña ou da cidade olívica.

Este organismo tamén está a impulsar a actuación do Centro Integrado de Saúde (CIS) do barrio da residencia en Lugo e nos vindeiros meses prevé traballar no desenvolvemento dos de Vigo e Lalín.

No referente ás infraestruturas educativas, este departamento tamén recibiu a encomenda de execución do CEIP do Novo Mesoiro, na Coruña.

Outras actuacións en que está a traballar este ente son a rehabilitación do edificio para o Espazo Amizar, na Coruña ou a execución das estacións de autobuses de Pontevedra, Santiago de Compostela, Vigo ou Ourense, no marco dos correspondentes complexos intermodais.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Novas actuacións

A Axencia continuará desenvolvendo a xestión doutras actuacións como a nova ampliación do IFEVI.

Ademais, este organismo seguirá a desempeñar o seu labor de xestión e mellora da rede autonómica de estradas, en que se prevén novos proxectos como a autovía Nadelas-Sarria, a VAP Tui-A Guarda ou a prolongación da autovía da Costa da Morte.

Tamén continuará co impulso de iniciativas como o Plan de sendas de Galicia, o Plan de reforzos de firme, o acondicionamento de estradas e a conservación e mantemento da vialidade invernal da rede viaria autonómica.

SANIDADE DESTINA MÁIS DE 8,5 MILLÓNS DE EUROS PARA XESTIONAR OS RESIDUOS SANITARIOS DOS HOSPITAIS DO SERGAS

- *Esta é a primeira vez que se realiza unha contratación centralizada deste servizo, que ata o de agora era contratado por cada unha das sete áreas sanitarias*
- *Esta contratación realízase por un período de catro anos e poderá ser prorrogado outro ano máis*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a contratación do servizo de recollida, transporte, tratamento e eliminación dos residuos sanitarios dos centros do Servizo Galego de Saúde. Esta contratación faise por un período de 4 anos, cun importe total de 8.538.270 euros e coa posibilidade de ser prorrogado por outro ano máis.

Esta é a primeira vez que se realiza unha contratación centralizada deste servizo, que ata o de agora era contratado por cada unha das sete áreas sanitarias. Isto supón un aforro de 115.975 euros, un 1,3% menos sobre a valoración dos prezos medios a que se están a xestionar estes residuos na actualidade

Con esta centralización, o Sergas pretende conseguir unha maior homoxeneización da xestión dos residuos perigosos nos centros sanitarios da súa rede, ademais de unificar as condicións económicas e de prestación do servizo para todo o sistema sanitario público galego.

Os tipos de residuos que son obxecto desta contratación son os residuos perigosos, de acordo coa clasificación establecida no [Decreto 38/2015, do 26 de febreiro, de residuos sanitarios de Galicia](#). Entran nesta categoría de perigosos os residuos sanitarios biocontaminados, que requiren unha xestión diferenciada tanto no interior dos centros coma no exterior, en todas as etapas da xestión, ou mesmo os residuos de citotóxicos e citostáticos, entre outros. A empresa que finalmente sexa responsable da xestión destes residuos tamén terá que facerse cargo de determinados restos cortantes e punzantes, que precisan un tratamento equivalente ao dos residuos perigosos anteriormente citados.

O servizo obxecto desta contratación vai dirixido finalmente a minimizar os riscos que a segregación, manipulación, transporte, almacenamento e eliminación dos residuos poida xerar nas persoas directamente expostas a eles, así como na saúde pública e no ambiente. Tamén promove o aproveitamento, reutilización ou valorización dos envases empregados para o depósito e o transporte, ademais do tratamento e eliminación dos residuos do xeito ambientalmente máis sustentable.

Xunto ao prezo, os criterios para adxudicar deste contrato terán en conta a calidade na organización do servizo e nos envases e contedores utilizados; criterios ambientais



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

segundo os métodos de tratamento, valorización, recuperación e minimización dos residuos que oferten os licitadores; a calidade do plan de emerxencia tendente a garantir a continuidade do servizo e a oferta de formación acreditada na xestión de residuos. Estes criterios aplicaranse unha vez examinada a solvencia económica e técnica dos licitadores e tras comprobar que as ofertas cumpren os requisitos técnicos establecidos.

A XUNTA PROMOVE O USO DA MADEIRA GALEGA COMO ELEMENTO ESTRUCTURAL EN MÁIS DE 100 VIVENDAS E LOCAIS COMERCIAIS

- *Estes apoios, enmarcados no Plan de reactivación e dinamización, permitirán a mobilización de 13M€ durante a súa construción*
- *A Vicepresidencia Económica, a través da Axencia Galega da Industria Forestal (Xera), concede un total 175 axudas, por importe de 1,64 millóns de euros, entre as catro liñas incluídas nesta convocatoria pioneira en Galicia e nas que se apoia o desenvolvemento de produtos, proxectos e obras realizados con madeira*
- *A iniciativa está en liña coa Axenda de impulso da industria forestal e fomenta a bioeconomía ao promover a utilización de madeira como material que favorece a neutralidade climática*
- *Entre as primeiras solicitudes presentadas pola Xunta para que Galicia opte aos fondos europeos de reconstrución Next Generation está un programa para impulsar a construción de vivenda en madeira*

A Xunta apoia un total de 175 proxectos para o desenvolvemento de obras, produtos, e proxectos realizados con madeira, tal e como se informou hoxe na reunión do Consello, en que se avaliou a resolución desta convocatoria de axudas pioneira en Galicia e que se enmarca no Plan de reactivación económica.

En total, o Goberno galego inviste 1,64M€ nesta orde de apoios. Entre outras iniciativas, favorecerase o uso da madeira local en máis de 100 edificacións. En concreto, servirá como elemento estrutural en 89 vivendas e 19 locais comerciais, o que permitirá mobilizar 13M€ durante a súa execución. Deste xeito, beneficianse non só os promotores e empresas que impulsan os proxectos, senón tamén os profesionais –arquitectos, enxeñeiros e deseñadores ou empresas de carpintaría– que os desenvolvan.

Este programa contaba con catro liñas de axudas. Por unha parte, para a redacción de proxectos de execución de construción nova, rehabilitación de naves e establecementos de negocio que empreguen produtos de madeira como elementos estruturais. Esta liña atenderá 19 solicitudes. Por outra parte, haberá 17 apoios a proxectos para o desenvolvemento e fabricación de envases, embalaxes ou expositores realizados con madeira. Unha terceira liña permitirá a redacción de 89 proxectos de execución de novas vivendas unifamiliares ou rehabilitación e reconstrución. Por último, favorecerase a realización de 50 obras de reforma ou acondicionamento de locais comerciais ou de negocio con produtos en madeira.

As axudas enmárcanse no Plan de reactivación económica e, en concreto, no obxectivo de impulsar a transformación da economía e a industria da Comunidade, potenciando a Galicia verde e rural. Ademais, están en liña coa Axenda da industria forestal 2019-2021



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

que pretende que os produtos forestais actúen como elemento central para fomentar a bioeconomía, utilizando a madeira como elemento de orixe natural, reciclable e reutilizable.

Deste xeito, este programa de apoios servirá para fomentar a demanda de produtos de madeira, tendo en conta a utilización de elementos locais e tamén a protección ambiental, favorecendo así a neutralidade climática.

Galicia trata de converterse nun referente no uso da madeira no sector da construción. Precisamente, co obxectivo de fomentar a transformación industrial e unha economía máis verde, tal e como recolle a propia Unión Europea nos seus fondos europeos de reconstrución Next Generation, entre as 108 primeiras solicitudes presentadas pola Xunta a este programa europeo de axudas está a construción de vivenda con madeira.



MEDIO AMBIENTE XESTIONARÁ POR PRIMEIRA VEZ O PROGRAMA DE MELLORA E REFORMA ENERXÉTICA DE VIVENDAS E EDIFICIOS, CO QUE CONCEDERÁ AXUDAS POR 17 MILLÓNS DE EUROS

- *A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda será a encargada de convocar as subvencións ao abeiro do Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes, reguladas polo Real decreto do 4 de agosto*
- *Os beneficiarios, que só poderán presentar as súas solicitudes por medios telemáticos, son os propietarios de vivendas e as comunidades de propietarios*
- *Ao abeiro destas axudas poderán subvencionarse actuacións de mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica, de uso de enerxías renovables, de mellora das instalacións de iluminación*

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda xestionará por primeira vez o Programa de mellora e reforma enerxética de vivendas e edificios, que está dotado de case 17 millóns de euros.

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, foi informado do contido da Resolución pola que se convocará este liña de incentivos con carácter plurianual, tal e como establece o Real decreto 737/2020, do 4 de agosto, polo que se regula o Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes e se regula a concesión directa das axudas deste programa ás comunidades autónomas.

Neste sentido, o Instituto para a Diversificación e o Aorro da Enerxía (IDAE) decidiu repartir os fondos dispoñibles para esta liña de incentivos entre as comunidades autónomas e que sexan estas as encargadas de convocalas.

Así, o Diario Oficial de Galicia publicará mañá a resolución pola que se convocan estas axudas, que só poderán solicitarse telematicamente. Os beneficiarios desta liña de subvencións son as persoas propietarias de vivendas unifamiliares ou de edificios de tipoloxía residencial colectiva ou de vivendas e locais existentes nestes últimos edificios; as comunidades de persoas propietarias ou as agrupacións de comunidades de persoas propietarias de edificios residenciais de uso vivenda, así como as persoas propietarias que de forma agrupada sexan propietarias de edificios que reúnan os requisitos establecidos no artigo 396 do Código civil e non outorgasen o título constitutivo de propiedade horizontal.

Tal e como se recolle na resolución, establécense tres tipos de actuacións subvencionables: de mellora da eficiencia enerxética da envolvente térmica, aquelas que teñen entre os seus obxectivos reducir a demanda enerxética; de uso de enerxías renovables nas instalacións térmicas de calefacción, climatización, refrixeración,



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

ventilación e auga quente sanitaria; e das instalacións de iluminación, é dicir, as luminarias, lámpadas e equipamentos; sistemas e elementos que permitan o control local, remoto ou automático por medios dixitais de acendido e regulación do nivel de iluminación.

Para o cálculo da contía subvencionable, haberá unha axuda base e unha adicional, que se determinará con base en tres criterios, como os criterios sociais (actuacións que se realizan en edificios de vivenda de protección pública; actuacións en inmobles situados en áreas de rehabilitación), a eficiencia enerxética e que se trate dunha actuación integrada (aplicarase a porcentaxe adicional cando se realizan simultaneamente dúas ou máis tipoloxías de actuación).

Por último, as axudas deste programa son compatibles con outras axudas concedidas para o mesmo fin, sempre que non se supere o custe da actuación e as outras axudas concedidas non contén con cofinanciamento de fondos europeos. Nese sentido, o IGVS destinará un millón de euros á liña de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e accesibilidade en vivendas, recollidas no Programa de fomento da mellora de eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas Plan 2018-2021.



O CONSELLO DA XUNTA DÁ O VISTO E PRACE AO INVESTIMENTO DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS NAS OBRAS DE EMERXENCIA PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO EN PONTEDEUME E A CALIDADE DE AUGA DO RÍO EUME

- *A Xunta declarou, o 13 de outubro, a emerxencia para abordar a situación de turbidez do río Eume e a as súas consecuencias no abastecemento de auga a Pontedeume*
- *Unha vez analizadas as alternativas, conclúise que actuar na potabilizadora municipal era a medida máis áxil para restablecer os parámetros da auga*
- *Os traballos céntranse na adaptación de dúas etapas do proceso, o tratamento físicoquímico e a filtración, para mellorar o funcionamento da planta*
- *O Goberno galego repercutiralle os gastos das actuacións precisas á empresa responsable da xestión do encoro, que afrontará os correspondentes expedientes sancionadores*
- *O apoio da Xunta ao Concello de Pontedeume nas súas competencias municipais, coa intervención na súa potabilizadora, fixo posible restablecer hai dúas semanas o consumo de auga*

O Consello da Xunta abordou hoxe a declaración de emerxencia das obras para garantir o abastecemento ao Concello de Pontedeume e a calidade da auga no río Eume, cun investimento de 1,5 millóns de euros.

A Xunta, a través de Augas de Galicia, declarou o pasado 13 de outubro a emerxencia coa fin de abordar a situación de turbidez en que se atopaba o río Eume e as súas consecuencias no abastecemento de auga no concello de Pontedeume.

As actuacións que se acometerán están enfocadas a asegurar o abastecemento á poboación, mellorar a calidade das augas e efectuar un seguimento da situación para avaliar a evolución e a eficacia das medidas adoptadas.

Unha vez analizadas as posibles alternativas, conclúise que actuar na estación potabilizadora municipal, con sistemas que favorezan a coagulación e a decantación dos limos en suspensión, é a medida máis áxil para restablecer os parámetros de auga.

Neste sentido, o Goberno galego destina a maior parte do citado orzamento á modernización da potabilizadora municipal e repercutiralle á empresa que explota o encoro do Eume os gastos derivados da emerxencia do río e do abastecemento de Pontedeume.

Na ETAP estase a actuar na adaptación de dúas etapas do proceso: o tratamento físicoquímico e a filtración.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, trabállase na instalación dunha cámara de mestura rápida, previa ao actual tratamento, que permita optimizar os equipamentos da planta.

O obxectivo é dotar a planta da capacidade necesaria para tratar a auga bruta cunha maior turbidez e reducir a precariedade con que se produce a auga potable e a vulnerabilidade da infraestrutura ante estes episodios.

A Xunta vén colaborando co Concello de Pontedeume no desenvolvemento das súas competencias municipais desde o primeiro momento, coa adopción de medidas que xa permitiron restablecer hai dúas semanas o consumo de auga. Entre outras medidas, aplicáronse tratamentos físicoquímicos nas instalacións para reducir a turbidez e actuouse no río, estendendo barreiras de contención.

A estas intervencións súmase a realización dunha campaña de mostraxe por parte dunha empresa especialista en emerxencias ambientais. Co fin de reforzar o seguimento desta situación, ampliouse o alcance das analíticas en varios puntos con respecto ás que se viñan efectuando ata agora.

Nas seguintes fotografías amósanse os traballos que se están a levar a cabo na actualidade:



A XUNTA APOIA O SECTOR DA HOSTALARÍA CUNHA LIÑA URXENTE DE AXUDA DE 1.000 EUROS AO MES QUE CHEGARÁN ATA 12.000 ESTABLECEMENTOS

- *A Xunta activa unha nova liña de axudas de 1.000 euros ao mes que poderá beneficiar ata 12.000 establecementos afectados polo peche da actividade*
- *Son compatibles coas contías previstas no Plan de rescate para persoas traballadoras autónomas e microempresas polo que os establecementos poderán percibir un máximo 7.200 euros para facer fronte á situación de pandemia*
- *A Comunidade outorgará ese novo apoio mensual aos negocios de hostalaría (servizos de comidas e bebidas e aloxamentos) afectados desde o pasado mes de outubro e durante a vixencia das medidas sanitarias*
- *Coa medida urxente percibirán 1.000 euros por cada mes de afectación e 1.500 no caso en que as empresas conten con máis de 10 traballadores*

A Xunta de Galicia activou unha nova liña urxente de axudas para saír en apoio do sector da hostalaría -servizos de comidas e bebidas e aloxamentos- afectado no exercicio da súa actividade polas actuais e necesarias medidas sanitarias para evitar a propagación da covid-19 en concellos galegos. A Consellería de Emprego e Igualdade informou hoxe no Consello da Xunta desta nova liña que permitirá inxectar aos empresarios 1.000 euros por cada mes de limitación nos servizos que prestan nesta nova fase da pandemia. Poderán beneficiarse desta medida uns 12.000 establecementos situados nalgún dos 60 concellos de maior incidencia epidemiolóxica. Estas axudas veñen a sumarse ás previstas no Plan de rescate de persoas traballadoras autónomas e microempresas polo que a contía total podería ascender, segundo o caso, ata un máximo de 7.200 euros.

A nova liña de axudas, enmarcada no conxunto de actuacións que a Xunta promove cara ao rescate das actividades máis afectadas pola pandemia e á reactivación económica, chegará ao sector das comidas e bebidas (restauración) e aos servizos de aloxamento que vexan limitada de xeito grave a súa actividade mediante o peche, coa aplicación das medidas sanitarias desde o pasado mes de outubro en determinados concellos.

As axudas prevén inxectar 1.000 euros ao mes aos establecementos máis afectados polas medidas activadas por recomendación sanitaria, por cada un dos meses de vixencia con efecto no concello onde se atopan. Estas axudas poderán incrementarse en 500 euros, ata os 1.500 euros, nos casos nos que o empresario teña ao seu cargo máis de 10 traballadores.

Unha vez informado ao Consello da Xunta sobre esta liña de axudas, está previsto poñer en marcha o procedemento o antes posible coa súa publicación no Diario Oficial de Galicia a finais deste mes de novembro. Ademais a tramitación das axudas farase dun xeito sinxelo e dando prioridade á orde de solicitude ata esgotar o crédito.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Compatibles cos apoios a autónomos e microempresas

A nova liña resulta compatible coas outras axudas tamén enmarcadas no Plan de rescate de persoas autónomas e microempresas que promove a Xunta. No mesmo prevese unha contía de 1.200 euros para os traballadores por conta propia e outros 4.000 euros no caso de ser tamén microempresas que conten con empregados que estean (ou teñan estado) en situación de Expediente de Regulación Temporal de Emprego (ERTE) e acrediten perdas de polo menos o 50% respecto do mesmo período do ano anterior.

A esas cantidades sumaríanse os 1.000 euros por mes de cesamento na súa actividade dos que a Consellería de Emprego e Igualdade informou hoxe ao Consello, co que os negocios situados en concellos con limitación de actividade desde o pasado mes de outubro estarían en disposición de acadar ata 7.200 euros de compensación.

O obxectivo de todas estas medidas consisten en dotar de liquidez ao máximo número de empresas afectadas na comunidade pola crise sanitaria. A Xunta pretende contribuír así ao mantemento do emprego e da actividade económica dos establecementos de hostalaría mediante un apoio económico que lles permita sobrelevar a merma ou inactividade provocada polas limitacións efectuadas por recomendación sanitaria. A Xunta está en contacto co Clúster de Turismo e cos interlocutores do sector hostaleiro cara a consensuar os detalles desta nova liña de axuda.

A XUNTA ELABORA UNHA GUÍA E UN TRÍPTICO PARA AUTÓNOMOS E PEMES CON INFORMACIÓN ÚTIL PARA ACTUAR FRONTE Á COVID-19

- *O documento, elaborado polo Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) responde ás principais dúbidas para saber actuar de xeito áxil ante un posible contaxio nun centro de traballo*
- *Difúndirase desde hoxe na páxina web do Instituto e enviarase a todas as asociacións de autónomos de Galicia e colectivos sectoriais de pemes e micropemes*
- *O obxectivo é garantir a saúde laboral dos traballadores e traballadoras e acompañar o tecido empresarial dándolle toda a información que precise*
- *A guía, supervisada pola autoridade sanitaria, contén 23 preguntas que foron identificadas e seleccionas pola súa relevancia e reiteración nas consultas que se reciben a diario no Issga*

A Xunta difundirá desde hoxe unha guía e un tríptico dirixido a autónomos, pemes e micropemes con información útil para actuar fronte a un caso de Covid-19. A Consellería de Emprego e Igualdade, a través do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), vén de elaborar estes documentos cos que se pretende dar pautas sobre como actuar para que, en caso de contaxio, a resposta nos centros de traballo de Galicia sexa rápida e dunha maneira ordenada e sempre segundo os criterios da autoridade sanitaria, xa que o material foi supervisado pola Consellería de Sanidade. Así, a guía e o tríptico responden a criterios de recomendacións sanitarias no ámbito laboral.

Os documentos difundiránse na web do Issga, <http://issga.xunta.gal/>, e enviaránse a todas as asociacións de autónomos de Galicia e colectivos sectoriais de pemes e micropemes. O que se pretende é acompañar o tecido empresarial galego dándolle información útil e respondendo as súas principais dúbidas para que poidan dar unha resposta áxil sobre como actuar ante un posible contaxio nun centro de traballo.

A información elaborada está especialmente destinada para pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas, en que a dificultade para aplicar as medidas preventivas é maior por non contaren nalgúns casos co asesoramento dun servizo de prevención de riscos laborais.

A guía contén 23 preguntas que foron identificadas e seleccionadas pola súa relevancia e reiteración nas consultas que se reciben a diario no Issga. O contido está dividido en dous grandes bloques. Un contén preguntas destinadas a dar pautas de actuación ante unha sospeita por síntomas compatibles coa Covid-19, seguimento dos contactos e casos positivos nun centro de traballo. E o segundo bloque recolle medidas para a separación física con anteparos ou pantallas faciais, uso correcto da máscara, uso de luvas, ventilación e tratamentos de desinfección.

Pola súa banda, o tríptico, *Sete chaves para a prevención da COVID-19 na túa empresa* é un resumo da guía e nel recóllense as dúbidas máis importantes para saber xestionar os supostos que se poden dar no ámbito laboral de xeito resumido.

Corenta guías e protocolos

Esta actuación súmase ao labor que está a desempeñar a Consellería de Emprego e Igualdade, a través do Issga, para posibilitar a reactivación económica coas máximas garantías de seguridade en todos os centros de traballo de Galicia. Así, o Instituto ten elaboradas 40 guías e protocolos por sectores para garantir a seguridade e saúde laboral do tecido empresarial galego, con especial atención ás pemes, micropemes e persoas traballadoras autónomas. Desde o inicio da crise sanitaria, o Issga deseñou unha folla de ruta con medidas de diagnose e análise e puxo en funcionamento plans de acción para loitar contra a pandemia.

A Xunta, en definitiva, está a elaborar guías e protocolos específicos para cada sector e está achegando o seu coñecemento técnico-científico en materia preventiva, especialmente no ámbito de hixiene industrial e medicina do traballo. O reto do Goberno galego é seguir avanzando en medidas que aposten pola prevención e o apoio a todos os traballadores e traballadoras de Galicia.



AS 86.000 ANÁLISES REALIZADAS POLO INTECMAR O ANO PASADO PERMITIRON POÑER NO MERCADO MÁIS DE 250.000 TONELADAS DE MOLUSCOS BIVALVOS

- *O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia é o laboratorio oficial de control das zonas de produción de moluscos bivalvos e ten un labor transcendental para garantir que todo o produto que chega ao consumidor polas canles legais de comercialización sexa apto para o consumo*
- *O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da actividade do Intecmar durante 2019, en que mantivo e ampliou o alcance da súa acreditación, incluída a detección e cuantificación de norovirus mediante PCR en ostra e mexillón*
- *O seu traballo é vital para Galicia pois é a primeira produtora de mexillón de Europa, con máis de 255.000 toneladas sacadas ao mercado, mentres que o sector marisqueiro comercializou máis de 9.000 toneladas de distintos recursos*
- *O centro dependente da Consellería do Mar é unha aposta blindada do Executivo galego e mantén unha tendencia ascendente no seu orzamento desde 2013, ata acadar os 3,5 millóns de euros o pasado exercicio*

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a actividade desenvolvida polo Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar) durante o exercicio 2019, que recolle as principais cifras do seu labor de control tanto da calidade do medio mariño como das zonas de produción de moluscos bivalvos co obxectivo, entre outros, de garantir que todo o produto que chega ao consumidor polas canles legais de comercialización sexa apto para o consumo. O centro dependente da Consellería do Mar realizou no marco deste traballo preto de 86.000 análises durante o ano pasado, que permitiron poñer no mercado máis de 250.000 toneladas de moluscos bivalvos, e emitiu máis de 7.000 resolucións e informes de seguridade alimentaria.

O Intecmar é o laboratorio de control oficial das zonas de produción de moluscos bivalvos de Galicia, función para a que está acreditado desde 1999, e emprega nas analíticas os métodos de referencia fixados pola normativa comunitaria. Por iso, é un elo fundamental para o control técnico-sanitario dos produtos do mar e para velar pola saúde pública, dous aspectos de vital importancia nunha comunidade que é a primeira produtora de mexillón de Europa -con máis de 255.000 toneladas de mexillón sacadas ao mercado en 2019- e que conta cun sector marisqueiro que o ano pasado comercializou máis de 9.000 toneladas de distintas especies de moluscos bivalvos.

Entre as competencias deste organismo autonómico está velar pola seguridade alimentaria da poboación, pero tamén pola sanidade animal -mediante o seguimento e control das patoloxías que afectan os moluscos bivalvos- así como a observación do océano, a seguridade marítima e a loita contra a contaminación. Por iso, entre esas preto de 86.000 análises realizadas a partir das mostras recollidas diariamente en distintos puntos do litoral de Galicia inclúense case 39.000 de nutrientes, arredor de 12.000 de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

biotoxinas, máis de 14.000 de fitoplancto, unhas 8.000 de patoloxías e case 2.500 de microbioloxía.

Loita contra a contaminación mariña e fitos

No eido da loita contra a contaminación mariña e no marco do Plan territorial de continxencias por contaminación mariña accidental de Galicia (Plan Camgal), o Intecmar participou o ano pasado, entre outros labores, na elaboración dun anexo ao Plan Camgal que contén o plan específico para as Illas Atlánticas, presentado en 2019, e colaborou nas actuacións levadas a cabo nas 15 veces que se activou o Plan Camgal durante o pasado exercicio entre as que se incluíu, nas dúas continxencias en que se produciu algún tipo de vertedura, o seguimento e predición da súa deriva.

A maiores, o ente dependente da Consellería do Mar tamén realizou un importante traballo no marco de doce proxectos de investigación, algúns deles internacionais, relacionados coa preservación do medio mariño. Entre eles destacan algúns como o NorWater -centrado na problemática dos contaminantes emerxentes-, o MarRisk -de avaliación dos riscos costeiros máis importantes como consecuencia do cambio climático-, o CleanAtlantic -para previr, monitorizar e eliminar o lixo mariño no Espazo Atlántico- ou o Alertox-Net, que aspira a desenvolver unha rede de alerta de toxinas mariñas emerxentes.

En materia de análises, o Intecmar logrou manter e ampliar, en 2019, o alcance da acreditación dos seus laboratorios de acordo coa normativa vixente e conseguiu ampliar o alcance da súa acreditación para a detección e cuantificación de norovirus mediante PCR en ostra e mexillón.

O centro realiza un labor fundamental para manter a reputación sobre as garantías sanitarias dos moluscos bivalvos producidos na comunidade e para controlar as patoloxías que afectan estes recursos, así como na protección do medio mariño, polo que é unha aposta blindada da Consellería do Mar. Por iso, desde 2013 mantén unha tendencia ascendente no seu orzamento, que o ano pasado ascendeu a 3,5 millóns de euros.